



## AXUDAS A COMPRA DE VIVENDA USADA (RD 2066/2008 – D 402/2009 – RD 1713/2010)

### **Con estas axudas podemos comprar:**

- Vivendas libres adquiridas en 2ª ou posterior transmisión.
- Vivendas protexidas adquiridas en 2ª ou posterior transmisión.
- Vivendas libres de prezo limitado adquiridas cando transcorrera un ano como mínimo entre a expedición do certificado final de obra e a data do contrato, sempre e cando dispoña de licencia de primeira ocupación
- Vivendas protexidas destinadas anteriormente o alugueiro
- Vivendas rurais usadas.

### **Condicións e Requisitos:**

- Os adquirentes de vivendas usadas terán que estar previamente inscritos no Rexistro de demandantes. O vendedor deberá comunicar ao Rexistro os datos do adquirente para os únicos efectos da comprobación pola Administración da súa inscrición nel. (artigo 19 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, DOGA 21.01.
- Non ser titular do pleno dominio ou dun dereito real de uso ou de desfrute sobre algunha vivenda suxeita a protección pública en España.
- A vivenda destinarase a residencia habitual e permanente do seu propietario.
- Non ter obtido axudas financeiras nin préstamo convido para o mesmo tipo de actuación durante os 10 anos anteriores á solicitude actual. Exclúense deste suposto as persoas separadas ou divorciadas ás que non se lles adxudicara a vivenda familiar, as mulleres vítimas de violencia de xénero, as vítimas do terrorismo, as persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida e as familias que as teñan ao seu cargo.
- Non poderá transmitir a propiedade da vivenda ata que transcorran polo menos 10 anos desde que a mercara.
- Transcorridos 10 anos desde a adquisición, a transmisión da vivenda provocará que o préstamo perda a condición de convido e que a entidade de crédito poda resolvelo.
- Se pasado o tempo quere vender a vivenda ten que saber que o prezo máximo de venda está limitado mentres dure o préstamo convido e, en todo caso, durante os 15 primeiros anos desde a data da adquisición.

### **Tipos de Axudas:**

- Préstamo Convido.
- Subsidiación do préstamo Convido.
- Subvencións da Comunidade Autónoma.

---

#### MÁIS INFORMACIÓN:

### Condições económicas para obter as axudas:

- Para obter o préstamo convido os ingresos familiares **non excederan de 6,5 veces o IPREM<sup>1</sup>**.
- Para obter a Subsidiación do préstamo e axuda da Comunidade Autónoma hai que cumprir cos seguintes requisitos:
  - ◊ Ter formalizado o préstamo convido.
  - ◊ Ter uns ingresos familiares que **non excedan de 4,5 veces o IPREM**.
  - ◊ Non ter tido nunca vivenda en propiedade, salvo que fora privado do seu uso por causas non imputables aos interesados ou cando o valor da vivenda ou do dereito sobre a mesma, determinado segundo o Imposto de Transmisións Patrimoniais, non exceda do 25% do prezo da vivenda que se pretende adquirir. Son excepcións a este suposto os seguintes casos:
    - a) As mulleres vítimas de violencia de Xénero.
    - b) As vítimas do terrorismo.
    - c) As persoas dependentes ou con discapacidade recoñecida e as familias que as teñan o seu cargo.

### Prazos:

- **Antes do transcurso de 4 meses desde a firma do contrato;** hai que solicitar o visado do contrato de compravenda, ante a Xefatura Territorial de Vivenda e Solo.
- **Non transcorran máis de 6 meses;** entre o visado do contrato e a solicitude do préstamo convido á entidade de crédito.

### PRÉSTAMO CONVIDO:

- Financiamento máximo: 90 m<sup>2</sup> de vivenda, 8 m<sup>2</sup> de rocho e 25 m<sup>2</sup> de garaxe ou anexo.
- Pode subrogarse no préstamo convido do promotor ou solicitalo directamente a entidades de crédito que teñan convenio co Ministerio de Vivenda.
- Contía máxima: 80% do prezo da vivenda + 80% do prezo do rocho e do garaxe (da superficie financiable da vivenda).
- Tipo de xuro será fixo ou variable. O préstamo non terá comisión ningunha e estará garantido con hipoteca.
- Prazo de amortización mínimo: 25 anos (poderá existir amortización anticipada).

### SUBSIDIACIÓN DO PRÉSTAMO CONVIDO:

- Consiste nun desconto da cota mensual do préstamo, que se concederá por un período inicial de 5 anos. Poderá ser renovado durante outro período de igual duración.

INGRESOS DOS ADQUIRENTES (nº de veces o IPREM)	SUBSIDIACIÓN XERAL (€ por cada 10.000€ de préstamo)	SUBSIDIACIÓN SUPOSTOS PARTICULARES* (€ por cada 10.000€ de préstamo)
De 0,7 a 2,5 o IPREM	100 €	155 €
De 2,5 a 3,5 o IPREM	80 €	113 €
De 3,5 a 4,5 o IPREM	60 €	93 €

\* Familias numerosas, monoparentais con fillos, persoas dependentes con discapacidade recoñecida e familias que os teñan ó seu cargo.

-1- IPREM: Indicador público de renda de efectos múltiples, publicado na Lei de Presupostos Xerais do Estado, con importe de 7,455,14 € ata o 30 de Xuño do 2012.

### MÁIS INFORMACIÓN:



Concello de Vigo  
Xerencia Municipal de Urbanismo  
Oficina Municipal de Vivenda e Solo

Edificio da Xerencia Mpal. de Urbanismo  
Praza do Rei s/n 36202 Vigo  
Atención ao público: Luns de 9:00 a 13:30



### **AXUDAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:**

INGRESOS	AXUDAS	PARTICULARIDADES
De 0,7 a 2,5 o IPREM	2.000 €	
De 3,5 a 4,5 o IPREM, nos casos: <ul style="list-style-type: none"><li>- 1º acceso á vivenda</li><li>- Menores de 35 anos</li><li>- Maiores de 65 anos</li><li>- Mulleres vítimas de violencia de xénero</li><li>- Vítimas de terrorismo</li><li>- Afectados situacións catastróficas</li><li>- Familias numerosas &lt;5 fillos</li><li>- Familias monoparentais con fillos</li><li>- Persoas dependentes con discapacidade recoñecida e as familias que as teñan ó seu cargo</li><li>- Persoas separadas ou divorciadas ó corrente do pago de pensións alimenticias e compensatorias.</li></ul>	2.000 €	- Se acredita pertencer a máis dun destes colectivos a Axuda será de 2.000 € por cada circunstancia.  - Axudas acumulables entre si e ás do Estado.
Familias numerosas de máis de 5 fillos	4.000 €	
De 0,7 a 1,5 o IPREM, nos casos: <ul style="list-style-type: none"><li>- Persoas sen fogar ou procedentes de operacións de erradicación do chabolismo</li><li>- Emigrantes retornados nos dous anos anteriores</li></ul>	25% do prezo da vivenda con límite de 17.000 €	Axudas non acumulables

---

#### MÁIS INFORMACIÓN: